

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16175 *Real decreto 1390/2011, do 14 de outubro, polo que se regula a indicación do consumo de enerxía e outros recursos por parte dos produtos relacionados coa enerxía, mediante a etiquetaxe e unha información normalizada.*

O Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, establece, entre outros, o dereito básico dos consumidores e usuarios á información correcta sobre os diferentes produtos postos ao seu dispor no mercado, a fin de facilitar o necesario coñecemento sobre o seu adecuado uso, consumo e disfrute.

Na lexislación española existen diversas disposicións que desenvolven este dereito á información, entre outras, o Real decreto 1468/1988, do 2 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos industriais destinados á súa venda directa aos consumidores e usuarios. Esta norma establece, con carácter xeral, os requisitos mínimos que deben figurar na etiquetaxe, presentación e publicidade destes produtos, co fin de permitir ao consumidor final o coñecemento suficiente das súas características esenciais para o seu correcto uso.

Nun ámbito máis específico e en liña coas políticas da Unión Europea de fomentar a utilización racional da enerxía para optimizar os recursos naturais e reducir a contaminación ambiental, o Real decreto 124/1994, do 28 de xaneiro, regula a etiquetaxe e a información referente ao consumo de enerxía e doutros recursos nos aparellos de uso doméstico. Este real decreto constitúe o marco regulamentario español para promover a sustentabilidade e prover o consumidor final dunha información uniforme e comparable sobre o consumo de enerxía nestes produtos que lle permita a escolla dos aparellos cun mellor rendemento enerxético.

Esta regulación incorporou ao noso dereito interno a Directiva 92/75/CEE do Consello, do 22 de setembro, relativa á indicación do consumo de enerxía e doutros recursos dos aparellos domésticos, por medio da etiquetaxe e dunha información uniforme sobre os produtos. Os anos de experiencia mostraron a eficacia destas disposicións xa que conseguiron sensibilizar o consumidor, permitiéndolle modificar hábitos e tomar decisións informadas, o fabricante, para posicionar os seus produtos no mercado con máis calidade e eficiencia, e a sociedade, para mellorar o ambiente e facer un uso sustentable dos recursos.

A Directiva 92/75/CEE modificouse substancialmente durante o seu período de vixencia e refundiuse nun único texto coas normas comunitarias que a modifican mediante a Directiva 2010/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010, relativa á indicación do consumo de enerxía e outros recursos por parte dos produtos relacionados coa enerxía, mediante a etiquetaxe e unha información normalizada do produto. Esta directiva ampliou o seu ámbito de aplicación a todos os produtos relacionados coa enerxía cuxa utilización teña unha incidencia directa ou indirecta significativa no consumo enerxético, e tivo en conta as prioridades recollidas na Comunicación da Comisión do 16 de xullo de 2008 sobre o Plan de acción sobre consumo e produción sustentables e unha política industrial sustentable, así como outras regulacións dirixidas a racionalizar o consumo de enerxía e reducir o impacto ambiental, en liña cos obxectivos marcados pola política enerxética europea de incrementar nun 20 % a eficiencia enerxética para 2020.

Esta directiva constitúe o marco para establecer a información e a etiquetaxe sobre o consumo de enerxía e outros recursos para os produtos relacionados coa enerxía. Non obstante, cómpre concretar estes aspectos e establecer para cada tipo de produtos a información que se debe facilitar na etiqueta e a ficha sobre o consumo de enerxía e

outros recursos esenciais ao utilizarse o produto. Estes requisitos estableceranse mediante o correspondente regulamento delegado, que será adoptado pola Comisión con base na habilitación conferida polo artigo 10 e de acordo cos artigos 11, 12 e 13 da Directiva 2010/30/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010.

Até a data, adoptáronse e están vixentes os seguintes regulamentos delegados:

Regulamento Delegado (UE) n.º 1059/2010 da Comisión, do 28 de setembro de 2010, polo que se complementa a Directiva 2010/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á etiquetaxe enerxética dos lavalouzas domésticos.

Regulamento Delegado (UE) n.º 1060/2010 da Comisión, do 28 de setembro de 2010, polo que se complementa a Directiva 2010/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á etiquetaxe enerxética dos aparellos de refrixeración domésticos.

Regulamento Delegado (UE) n.º 1061/2010 da Comisión, do 28 de setembro de 2010, polo que se complementa a Directiva 2010/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á etiquetaxe enerxética das lavadoras domésticas.

Regulamento Delegado (UE) n.º 1062/2010 da Comisión, do 28 de setembro de 2010, polo que se complementa a Directiva 2010/30/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, respecto da etiquetaxe enerxética dos televisores.

Regulamento Delegado (UE) n.º 626/2011, da Comisión, do 4 de maio de 2011, polo que se complementa a Directiva 2010/30/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á etiquetaxe enerxética dos acondicionadores de aire.

Con este real decreto incorpórase ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2010/30/UE e ofrécese, así, un marco sobre etiquetaxe máis coherente e simplificado, destinado a mellorar as características enerxéticas e ambientais dos produtos e a potenciar a súa utilización por parte dos consumidores. Artículase, ademais, como norma marco dos regulamentos delegados que nun futuro se desenvolvan para lle dar efectividade concreta.

Este real decreto tamén inclúe disposicións en materia de incentivos e contratación pública, que será un compoñente fundamental dunha política de produtos integrada e ecoloxicamente sustentable, que promoverá e estimulará a demanda de mellores produtos e axudará os consumidores a faceren escollas máis adecuadas.

Este real decreto reforza, ademais, os principios contidos noutros instrumentos normativos vixentes, como o Real decreto 187/2011, do 18 de febreiro, relativo ao establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos relacionados coa enerxía, que tamén contribúe ao desenvolvemento sustentable e á protección do ambiente a través do incremento da eficiencia enerxética, da diminución da contaminación e do incremento da seguranza do abastecemento enerxético.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación xeral da planificación económica, recoñecida no artigo 149.1.13.ª da Constitución.

Na tramitación desta norma concedeuse ao Consello de Consumidores e Usuarios e ás asociacións empresariais relacionadas co sector a oportunidade de exporen o seu parecer en informe razoado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 14 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten como obxecto regular a información dirixida ao usuario final, particularmente por medio da etiquetaxe e da información normalizada do produto, sobre o consumo de enerxía e, cando corresponda, doutros recursos esenciais respecto aos

produtos relacionados coa enerxía durante a súa utilización, así como outra información complementaria, de maneira que permita aos usuarios finais escolleren produtos máis eficientes.

2. Este real decreto aplicarase aos produtos relacionados coa enerxía cuxa utilización teña unha incidencia directa ou indirecta significativa sobre o consumo de enerxía e, se for o caso, sobre outros recursos esenciais.

3. Este real decreto non se aplicará:

- a) Aos produtos de segunda man.
- b) Ao medios de transporte para persoas ou mercadorías.
- c) Á placa de datos de potencia ou ao seu equivalente colocada sobre os ditos produtos por motivos de seguranza.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Produto relacionado coa enerxía» ou «produto»: todo ben cuxa utilización ten unha incidencia no consumo de enerxía e que se introduce no mercado ou se pon en servizo en España, incluídas as pezas destinadas a incorporarse a produtos relacionados coa enerxía incluídos no presente real decreto que son introducidas no mercado e/ou postas en servizo como pezas individuais para un usuario final e cuxo comportamento ambiental se pode avaliar de maneira independente.

b) «Ficha»: unha táboa de información normalizada sobre un produto.

c) «Outros recursos esenciais»: a auga, os produtos químicos ou calquera outra substancia que o produto consuma para o seu uso normal.

d) «Información complementaria»: calquera outra información relativa ao rendemento e características dun produto que se refira ao seu consumo de enerxía ou a outros recursos esenciais, ou que sirva para avalialos, baseada en datos mensurables.

e) «Incidencia directa»: a incidencia dos produtos que consomen enerxía durante a súa utilización.

f) «Incidencia indirecta»: a incidencia dos produtos que non consomen enerxía pero contribúen á conservación da enerxía durante a súa utilización.

g) «Distribuidor»: un retalista ou calquera persoa que venda, alugue, alugue con dereito a compra ou expoña produtos destinados aos usuarios finais.

h) «Fornecedor»: o fabricante, ou o seu representante autorizado na Unión ou o importador que introduza ou poña en servizo o produto no mercado comunitario. Na súa ausencia, considerarase fornecedor toda persoa física ou xurídica que introduza no mercado ou poña en servizo produtos regulados por esta disposición.

i) «Introdución no mercado»: primeira comercialización dun produto no mercado comunitario con vistas á súa distribución ou utilización dentro del, mediante pagamento ou de maneira gratuíta e con independencia da técnica de venda.

j) «Posta en servizo»: a primeira utilización dun produto para o seu fin pretendido na Unión.

k) «Uso non autorizado da etiqueta»: o uso da etiqueta, por usuarios que non sexan as autoridades dos Estados membros ou as institucións da UE, dun modo non previsto no presente real decreto ou nos regulamentos delegados.

l) «Regulamentos delegados»: son normas comunitarias directamente aplicables adoptadas pola Comisión Europea, con base na habilitación conferida polo artigo 10 e de acordo cos artigos 11, 12 e 13 da Directiva 2010/30/UE, nos cales se establecen os pormenores relativos á etiquetaxe e á ficha para cada tipo de produto.

Artigo 3. *Autoridades de vixilancia do mercado.*

1. Para os efectos deste real decreto son autoridades de vixilancia do mercado aqueles órganos administrativos das diferentes administracións públicas que, en función do seu respectivo ámbito competencial, sexan responsables de levar a cabo actividades

e adoptar medidas, incluídas as de coordinación, co obxectivo de velar para que os produtos relacionados coa enerxía cumpran as disposicións que lles sexan aplicables.

2. No ámbito das competencias propias da Administración xeral do Estado, as autoridades de vixilancia do mercado son as seguintes:

a) O Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, a través do Instituto Nacional de Consumo.

b) O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través dos centros directivos que correspondan.

3. As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, determinarán as súas autoridades de vixilancia do mercado e establecerán mecanismos de colaboración, cooperación e coordinación cos municipios nesta materia. Así mesmo, comunicarán ao Instituto Nacional do Consumo os datos sobre as actividades desenvolvidas en relación co preceptuado neste real decreto e o nivel de cumprimento alcanzado nos seus respectivos territorios, co obxecto de elaborar o informe preceptivo a que se refire o artigo 11.

Artigo 4. *Vixilancia do mercado.*

1. Os produtos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto soamente se poderán introducir no mercado ou pórse en servizo en España se cumpren cos requisitos establecidos nel e no regulamento delegado de aplicación, caso en que non poderá ser prohibida, restrinxida nin obstaculizada a súa introdución no mercado ou posta en servizo.

2. Prohíbese a exhibición de etiquetas, marcas, símbolos ou inscricións que non cumpran cos requisitos establecidos neste real decreto e nos regulamentos delegados pertinentes e que poidan inducir a erro ou crear confusión nos usuarios finais respecto do consumo de enerxía ou, se for o caso, doutros recursos esenciais, durante a súa utilización.

3. As autoridades de vixilancia de mercado, a través das inspeccións periódicas que para tal fin se programen, garantirán que todos os provedores e distribuidores establecidos en territorio español cumpran coas obrigas determinadas nos artigos 6 e 7 deste real decreto.

4. As autoridades de vixilancia de mercado realizarán campañas informativas de carácter educativo e promocional, destinadas a promover a eficiencia enerxética e unha utilización máis responsable da enerxía por parte do usuario final.

5. As autoridades de vixilancia de mercado cooperarán entre elas e, a través do Instituto Nacional do Consumo, coa Comisión Europea intercambiando e proporcionando a información necesaria para contribuír á aplicación uniforme e eficaz deste real decreto. A cooperación administrativa e o intercambio de información aproveitarán ao máximo os medios electrónicos de comunicación, terán unha boa relación custo-eficacia e poderán recibir o apoio dos programas da Unión Europea pertinentes.

6. As autoridades de vixilancia de mercado garantirán a seguranza e confidencialidade do tratamento da información confidencial facilitada nos procedementos levados a cabo como consecuencia da aplicación deste real decreto, e a protección de tal información, segundo sexa necesario.

7. As autoridades de vixilancia de mercado exixirán aos provedores, en caso de sospeitaren que a información que figura nas etiquetas ou fichas é incorrecta, a información, documentación e as probas necesarias que demostren a exactitude da información que figure nas etiquetas ou fichas dos seus produtos, a fin de verificar o preceptuado no artigo 6.7.

Artigo 5. *Información obrigatoria.*

1. Deberase pór en coñecemento do usuario final, de conformidade cos regulamentos delegados que se diten para cada tipo de produtos, a información referente ao consumo de enerxía eléctrica, doutras formas de enerxía e, cando proceda, doutros

recursos esenciais durante a utilización do produto, así como outros datos complementarios, mediante unha ficha e unha etiqueta relativas aos produtos destinados á venda, aluguer ou aluguer con dereito a compra, tanto directa como indirectamente a través de calquera medio de venda a distancia, por exemplo, da internet.

2. Para os produtos integrados ou instalados, só se facilitará a información mencionada no número 1 deste artigo, cando así o prescriba o regulamento delegado aplicable.

3. Toda publicidade sobre un modelo concreto de produtos relacionados coa enerxía aos cales se aplique un regulamento delegado deberá incluír, cando se ofrezca información relacionada coa enerxía ou o prezo, unha referencia á clase de eficiencia enerxética do produto.

4. Toda documentación técnica de carácter promocional sobre produtos relacionados coa enerxía que describa os parámetros técnicos específicos dun produto, tales como os manuais técnicos e os folletos dos fabricantes, quer en forma impresa quer en liña, deben proporcionar aos usuarios finais a información necesaria sobre o consumo de enerxía ou incluír unha referencia á clase de eficiencia enerxética do produto.

5. Todo produto regulado por este real decreto ou polo seu regulamento delegado correspondente que se comercialice ou poña en servizo en España deberá incluír os datos e informacións dirixidas ao usuario final, ao menos, na lingua española oficial do Estado.

Artigo 6. *Responsabilidades dos fornecedores.*

1. Os fornecedores que introduzan no mercado ou poñan en servizo produtos incluídos nun regulamento delegado deberán subministrar unha etiqueta e unha ficha conforme o disposto neste real decreto e no regulamento.

2. Os fornecedores deberán elaborar unha documentación técnica suficiente que sirva para avaliar a exactitude da información que figura na etiqueta e na ficha. A documentación deberá incluír:

- a) Unha descrición xeral do produto.
- b) Os resultados dos cálculos de deseño realizados, cando proceda.
- c) Os resultados das probas cando existan, incluídas as realizadas por organismos notificados competentes, segundo se definen na normativa pertinente da Unión.
- d) Cando os datos se utilicen para modelos similares, as referencias que permitan a identificación deses modelos.

Para isto, o fornecedor poderase servir da documentación elaborada conforme o prescrito na normativa aplicable da Unión.

3. Os fornecedores deberán ter ao dispor das autoridades competentes definidas no artigo 3 a documentación técnica do produto, para fins de inspección, durante os cinco anos seguintes á fabricación do último produto a que sexa aplicable a presente normativa.

Con carácter xeral, a documentación técnica mencionada deberá estar dispoñible na lingua española oficial do Estado, a non ser que as ditas autoridades a acepten noutra lingua.

Os fornecedores deberán ofrecer unha versión electrónica da documentación técnica do produto por solicitude das autoridades de vixilancia do mercado e da Comisión Europea, no prazo de dez días hábiles a partir da recepción da solicitude efectuada polas ditas autoridades ou pola Comisión Europea.

4. Os fornecedores deberán subministrar gratuitamente aos distribuidores as etiquetas e a información sobre o produto.

Sen prexuízo da súa facultade de escolleren o sistema de envío desas etiquetas, os fornecedores facilitaranas dilixentemente aos distribuidores cando estes llas soliciten.

5. Ademais das etiquetas, os fornecedores deberán proporcionar unha ficha sobre o produto.

6. Os fornecedores incluírán a ficha en todos os folletos sobre o produto. Cando o fornecedor non subministre folleto, incluírá as fichas en calquera outra documentación que proporcione co produto.

7. Os fornecedores serán responsables da exactitude dos datos que figuren nas etiquetas e nas fichas que proporcionen.

8. Entenderase que os fornecedores deron o seu consentimento para que se publique a información contida na etiqueta ou na ficha.

Artigo 7. *Responsabilidades dos distribuidores.*

1. Os distribuidores deberán exhibir adecuadamente, de modo visible e lexible, as etiquetas do produto, e deberán incluír, así mesmo, as fichas no folleto do produto ou en calquera outra documentación que se lle xunte para a súa venda a usuarios finais.

2. Sempre que se expoña un produto ao cal se lle aplique un regulamento delegado, os distribuidores colocarán nel unha etiqueta adecuada, no lugar claramente visible que especifique o citado regulamento e redactada, ao menos, na lingua española oficial do Estado.

Artigo 8. *Venda a distancia e outras formas de venda.*

Cando os produtos se poñan en venda, aluguer ou aluguer con dereito a compra, por correo, catálogo, internet, venda telefónica ou calquera outro medio que non permita ver o produto exposto ao posible usuario final, toda a información que se especifique na etiqueta e na ficha do produto deberá ser accesible para o potencial comprador antes de compralo.

A etiqueta, a ficha ou a información nelas especificada deberanse mostrar ou facilitar ao posible usuario final na forma que determinen os regulamentos delegados correspondentes.

Artigo 9. *Contratación pública e incentivos.*

1. Cando un produto estea regulado por un regulamento delegado específico, as entidades contratantes que subscriban contratos públicos de obras, subministración ou servizos suxeitos a regulación harmonizada segundo os artigos 14, 15 e 16 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, non recollidos nos artigos 12 ao 18 da Directiva 2004/18/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos, procurarán incluír, como criterio de adxudicación, para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa, os criterios ambientais reflectidos neses regulamentos, a fin de adquiriren produtos que cumpran os criterios de alcanzar os niveis de rendemento máximos e correspondan á clase de eficiencia enerxética máis elevada.

2. As políticas de incentivos que afecten un produto regulado por un regulamento delegado tentarán alcanzar os niveis de rendemento máximos, incluída a clase de eficiencia enerxética máis elevada que preveña o citado regulamento.

3. As políticas de incentivos dirixidas tanto aos usuarios finais que utilicen produtos altamente eficientes como aos sectores que os promovan ou fabriquen deben ter en conta os niveis de rendemento segundo clases, de acordo co que se defina no regulamento delegado aplicable, salvo que imponha niveis de rendemento superiores ao limiar da clase de eficiencia enerxética máis elevada prevista no citado regulamento.

4. As medidas impositivas e fiscais non constitúen incentivos para efectos deste real decreto.

Artigo 10. *Procedemento de adopción de medidas.*

1. Cando as autoridades de vixilancia de mercado comprobren, no exercicio das súas funcións, que un produto non cumpre coas prescricións establecidas neste real

decreto e no regulamento delegado aplicable en relación coa etiqueta e a ficha, adoptarán as medidas precisas e efectuarán os requirimentos necesarios ao fornecedor para que o produto cumpra cos requisitos prescritos e nas condicións establecidas. As medidas que se adopten deben ser eficaces e gardar o principio de proporcionalidade en relación co incumprimento detectado.

2. Cando haxa suficientes indicios de que un produto poida incumprir as disposicións que lle concirnen, as autoridades de vixilancia de mercado adoptarán as medidas preventivas necesarias e as medidas destinadas a garantir o cumprimento nun prazo máximo de 15 días, tendo en conta o prexuízo ocasionado.

En caso de persistir o incumprimento, a autoridade de vixilancia de mercado competente adoptará unha decisión pola cal se limite ou prohiba a introdución no mercado ou a posta en servizo do produto, ou este se retire do mercado, e informará de tal circunstancia o Instituto Nacional do Consumo. Este informará a Comisión Europea e os demais Estados membros, indicando os motivos da decisión.

3. As medidas administrativas que adopten as autoridades de vixilancia de mercado no exercicio das súas competencias para o cumprimento deste real decreto axustaranse ao procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Presentación de informes.*

Cada catro anos as comunidades autónomas e demais autoridades implicadas na aplicación deste real decreto presentarán ao Instituto Nacional do Consumo un informe en que se exporán con detalle as actividades desenvolvidas, así como o nivel de cumprimento alcanzado nos seus respectivos territorios.

O Instituto Nacional do Consumo enviará un informe coa información recibida á Comisión Europea.

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

1. En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, así como na normativa autonómica que resulte de aplicación.

2. As infraccións cualificaranse como leves, graves e moi graves. Para os efectos deste real decreto serán:

a) Infraccións leves:

1.º Os defectos formais da etiquetaxe e da información normalizada dos produtos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, sempre que non teñan influencia na información final ao posible comprador ou usuario.

2.º Colocar a etiqueta en lugar distinto ao previsto, sempre que sexa visible para o interesado.

3.º Non dispor da documentación na lingua requirida polas autoridades de control de mercado.

4.º Non dispor da documentación técnica do produto en versión electrónica.

b) Infraccións graves:

1.º Non gardar a documentación técnica durante os cinco anos preceptivos.

2.º Non subministrar aos distribuidores a etiqueta, a ficha e a información sobre o produto de maneira gratuíta.

3.º Non subministrar a etiqueta e a ficha en prazo.

4.º Non incluír as fichas nos folletos ou calquera documentación sobre o produto.

- 5.º Non facer constar a información na lingua española oficial do Estado.
- c) Infraccións moi graves:
- 1.º Subministrar etiquetas ou fichas con información falsa.
 - 2.º Exhibir etiquetas ou fichas con información falsa.
 - 3.º Presentar documentación falsa ou non presentar a documentación se é requirida polas autoridades.
 - 4.º Non exhibir as etiquetas do produto ou a información correspondente cando a venda sexa a distancia ou por calquera outro medio que non permita ver o produto exposto ao posible usuario final.

3. As infraccións sinaladas serán sancionadas canto a tipo e contía de acordo coas establecidas nos artigos 51 e 52 do citado Real decreto legislativo 1/2007, do 16 novembro.

4. As autoridades competentes para acordar e impor as sancións correspondentes serán as que se establezan de acordo co previsto no artigo 3 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto e, en particular, o Real decreto 124/1994, do 28 de xaneiro, polo que se regula a etiquetaxe e a información referente ao consumo de enerxía e doutros recursos dos aparellos de uso doméstico.

As referencias realizadas no ordenamento xurídico español ao real decreto derogado entenderanse feitas a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación xeral da planificación económica, recoñecida polo artigo 149.1.13.ª da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2010/30/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010, relativa á indicación do consumo de enerxía e outros recursos por parte dos produtos relacionados coa enerxía, mediante a etiquetaxe e unha información normalizada.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase a ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO